

A ESCOLA COMO LUGAR DE PAZ

OBXECTIVOS

- Entender o valor da diversidade para un grupo e a necesidade de atopar puntos en común para construír unidade.
- Identificar a discriminación como unha forma de violencia.
- Fomentar a empatía e a capacidade de poñernos no lugar do outro.

MATERIAIS NECESARIOS

- Vídeo: *A escola como lugar de paz*, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/sonos-escola-de-paz-video-actividade-educacion-primaria

MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre o dereito da infancia para estar libre de calquera forma de violencia, dispoñible en www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/a-salvo-na-escola-guia-do-curso
- "Susana e Ana", un conto sobre o bullying. Dispoñible no anexo.
- "Lou", curtametraxe de Pixar, dispoñible en YouTube.

Propoñémosche unha reflexión para a aula sobre a responsabilidade que todos temos de superar as nosas diferenzas e lograr que a aula e o centro educativo sexan contornas de non-violencia.



Preparación da actividade

Proxectamos o vídeo *A escola como lugar de paz*. Este vídeo fala brevemente dalgúns temas de diversidade e convivencia que poden ser útiles para establecer un diálogo sobre a paz, a non-violencia e o bo trato. Algunhas preguntas que poden guiar a conversación:

1. Cantas persoas hai no mundo? Como sería o mundo se todas esas persoas fóssemos exactamente iguais e nos gustasen as mesmas cousas?
2. Imaxina que todos quixésemos traballar no mesmo (e que só houbera xornalistas ou cociñeiros) ou que a todos nos gustase o mesmo equipo de fútbol... existiría o fútbol se todos fóssemos do mesmo equipo?
3. Que gaña un grupo cando os seus membros saben facer cousas diferentes ou teñen distintos intereses?
4. No vídeo vemos un conflito entre dous personaxes. É un conflito pacífico ou violento?
5. Outro dos personaxes ve o conflito e fai algo para solucionalo. Fai o correcto?
6. A solución ao conflito foi pacífica ou violenta?
7. Ti que farías?
8. Que outras formas de violencia coñeces que ocorran na contorna escolar? Que podes facer?

#EndViolence

Únete á campaña mundial de UNICEF para poñer fin á violencia. Celebra o Día da Infancia no teu centro educativo cunha vacina pola paz e o bo trato. Descubre como en www.unicef.es/gal/educa/botrato

Se necesitamos profundar na aula sobre o bullying, podemos recorrer a dous materiais adicionais: o conto "Susana e Ana" (no anexo) e o curto animado de Pixar "Lou", que abordan diferentes aspectos do problema, desde a perspectiva do bo trato e da comprensión das emocións das partes implicadas.

Susana e Ana

A ninguén lle gustaba Susana. Ela era maior que o resto da clase e moi grande. Adoitaba quitarlle bolis e outras cousas aos seus compañeiros e ameazaba con pegarles se llo dicían á profesora. Empuxaba aos pequenos no recreo e pegaba a quen non quixese xogar con ela pero, se xogaba, estragaba o xogo ou facía trampas. Realmente, a ninguén lle gustaba Susana.

Un día, chegou unha nova nena á clase. Era moi baixiña e parecía moi intelixente porque sempre podía responder ás preguntas da profesora. O resto da clase pensou que era un pouco listilla e, como era nova, non tentaron facerse amigos dela. Durante o recreo sentaba soa a comer un bocadillo, ata que unha mañá Susana chegou correndo e quitoullo con forza, tirando a metade ao chan. Todos miraron para ver se se botaba a chorar, pero non o fixo: en cambio, seguiu a Susana e díxolle:

–Se tiñas fame, por que non me pediches un pouco? Teríache dado un pouco. Agora o que caeu ao chan non o podemos comer nin ti nin eu.

Susana fitouna, tragou medio bocadillo dun bocado, botouse a rir e dixo:

– Quiteiche o bocadillo porque son máis grande e podo facelo. Non teño tanta fame como para ter que pedir comida.

– É certo, es máis grande que eu, –respondeu a nena nova– pero iso non significa que poidas facer o que queiras. O que fixeches está mal e dá igual o grande que sexas. Ademais, non ganas nada comportándote así. Susana sorprendeuse porque nunca ninguén lle falaba dese modo e empuxou á nena para que caese ao chan.

Outra vez, todos se apiñaban para ver se choraba pero non o fixo. Púxose de pé, sacudiu a roupa e afastouse. Os outros nenos quedaron en silencio, pero moitos avergoñábanse de non axudar e avergoñábanse aínda máis de non falar nunca así a Susana cando abusaba doutros nenos. Algúns nenos e nenas achegáronse á nena nova:

– Cal é o teu nome? – preguntaron.

– Chámome Ana –dixo sorrindo–. E ti como che chamas?

Pronto se fixeron amigos dela e empezaron a falar e rir. Nun momento, Ana preguntoulles:

– Por que deixades que Susana trate mal a outros nenos?

– Pero viches o grande que é? –responderon, mirando cara a outro lado–. Ademais, é maior que nós. Fará o que queira e non podemos detela.

Ana quedou pensando no que lle dicían. Ela sabía que sentía cando non caes ben aos demais porque lle pasaba nesta clase por ser a nova. Era algo que che facía sentir mal, que che dá rabia e que che daba ganas de ser antipática para castigalos. Pensou que Susana tamén debía atoparse mal por ser maior e estar nunha clase de pequenos e quizais por iso estaba enfadada todo o tempo.

Ana deuse conta de que debía ser horrible estar sempre enfadada. Ao día seguinte, Ana sentou xunto a Susana e ofreceulle un bolígrafo.

–Por se non tes –dixo–. Oe, Sabes que na miña outra escola xa fixemos este traballo? Queres que che axude?

Susana estaba aínda máis sorprendida que o día anterior: ninguén lle ofrecera axuda antes.

–Por que quererías axudarme? –dixo desconfiada–. Por que crees que necesito a túa axuda?

–Ah, só porque vin que estades a empezar este tema e eu xa o estudaba na miña outra escola antes de vir aquí. Máis tarde haberá cousas que non sei e despois poderás axudarme.

Susana mirou a Ana, inclinouse cara a ela e ensinoulle o que xa levaba feito do traballo, dicindo, moi baixiño:

–Non o entendo, non sei moi ben como seguir.

Ana explicoulle en voz baixa e cuns debuxos en que consistía o traballo, para que Susana puidese resolvelo. Cando a mestra fixo unha pregunta, Susana levantou a man. Todos quedaron moi sorprendidos, incluída a profesora, porque nunca antes viran a Susana coa man levantada. Aínda se sorprenderon máis cando Susana respondeu correctamente. A medida que avanzaba a clase, Susana puido seguir o fío e mesmo respondeu outras preguntas.

ANEXO: Contos sobre o *bullying*

Durante as seguintes semanas, Susana e Ana traballaron xuntas e, aos poucos, Susana pareceu entender máis e máis. No recreo, Ana quixo que Susana xogase con todos os demais, pero antes díxolle unha cousa ao oído: –Xogar xuntos significa que xogamos e divertímonos todos, non podes arruinarnos o xogo se te convidamos a participar.

Como Susana non era moi boa en ningún dos xogos, Ana pediu axuda a outros nenos e nenas para que puidese aprender e practicar. Despois dun tempo, na clase notaron que Susana xa non era tan abusona.

Cando lle preguntaron a Ana por que Susana xa non era unha bully, Ana fíxolles unha pregunta:

–Como te sentirías ti se te excluísen dun grupo por ser diferente?

–Bo, imaxino que tentaría defenderme

–Pois iso facía Susana: sentíase incómoda e defendíase intimidándonos. Pero agora forma parte do grupo e xa non o necesita.

Os demais quedaron pensativos pero comprenderon que o que dicía Ana tiña sentido.

–Os acosadores adoitan ser persoas solitarias, tristes e enfadadas –continuou Ana–. Vós tamén estariades tristes e enfadados se todo o mundo vos ignorase e rise de vós cando non sabedes cousas na clase.

Algúns miraron para outro lado, un pouco avergoñados. Aos poucos empezaron a entender que así é como empezan moitas pelexas: apartando á xente e ríndonos deles porque non encaixan. Non era culpa de Susana sacar malas notas: co tempo, contou aos seus novos amigos que ela e a súa familia tiveran moitos problemas e que por iso lle custaba tanto seguir o ritmo. Só necesitaba un amigo, alguén que a escoitase e apoiase. Agora que era unha máis do grupo xa nunca quixo acosar a ninguén máis.

Ana era unha nena moi baixiña, pero moi lista e agora tiña á nena máis alta da clase como a súa amiga.

FIN

O conto "The class bully" forma parte de Sara's Choice – A Collection of Stories and Poetry, da colección Inter-Agency Peace Education Programme Skills for Constructive Living, de UNESCO e INEE (París, 2005).

PREGUNTAS SOBRE O CONTO "SUSANA E ANA"

1. Que cousas facía Susana ao principio do conto?
2. Por que Ana entendía como se sentía Susana?
3. Como se fixo Ana amiga de Susana?
4. Por que Susana se comportaba como unha bully?
5. Algunha vez sentiches que non caes ben aos demais?
6. Como te sintes e que fas cando iso pasa?
7. Crees que os nenos e nenas que fan bullying teñen problemas?
8. Que solucións se che ocorren? Que vas facer ti?

Lou

PREGUNTAS SOBRE A CURTAMETRAXE "LOU"

1. Que historia nos conta esta curtametraxe?
2. Quen é J. J.? Quen é Lou?
3. Por que crees que J. J. se comporta así? Cres que realmente quere as cousas que quita a outros?
Crees que quere conseguir atención ou facer amigos?
4. Que sabe Lou sobre J. J.?
5. Por que Lou fai a J. J. devolver en persoa os xoguetes? Que espera Lou que pase?
6. Cando empeza a cambiar J. J.?
7. Que aprende J. J. grazas a Lou?

